



ORDENANZA N°:33

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS PARA EXHIBIR PROPAGANDA EN LETREIROS, CARTELEIRAS E SIMILARES

—2019—



ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

Constituirá feito imponible desta taxa o aproveitamento especial ou utilización privativa de reloxos, carteleiras, paneis e demais instalacións de carácter municipal para exhibición de propaganda mediante carteis, letreiros e similares.

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos, obrigados ó pagamento das presentes taxas as persoas ou entidades que utilicen ou se beneficien especialmente das instalacións municipais.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Agás o disposto en normas de rango legal e tratados internacionais, non se admitirán exencións nin bonificacións nas taxas reguladas na presente ordenanza.

ARTIGO 4.- COTAS

1. As cotas tributarias das taxas reguladas nesta Ordenanza serán as seguintes:

Polo aproveitamento especial ou utilización privativa de cada reloxo, carteleira e similares, ó mes ou fracción: 6,16 euros

2. Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación

ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO

1. As taxas reguladas na presente Ordenanza devengarase no intre en que se inicie o aproveitamento especial ou utilización privativa.

2. No intre da solicitude do aproveitamento especial, os suxeitos pasivos ingresarán polo procedemento de autoliquidación o importe total das cotas resultantes da aplicación do artigo 4 desta Ordenanza, se o aproveitamento fose temporal.

Se se solicita un aproveitamento continuado no tempo, deberá ingresarse a cantidade correspondente a un semestre de aproveitamento.

3. A Administración tributaria municipal practicará, no caso de aproveitamentos continuados, as liquidacións sucesivas con periodicidade semestral.

ARTIGO 6.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza, así como as súas cualificacións e sancións, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.



DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial conlevase a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houberse lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ó depósito previo do seu importe.
2. Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía total igual ó valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danados.
3. O Concello non poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire este apartado.

DISPOSICIÓN FINAIS

- 1ª.- No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.
- 2ª.- Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2000, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

PUBLICACIÓNS B.O.P.: 30.DE DECEMBRO DE 1998
30 DE DECEMBRO DE 1999